

CVP: O Complemento Volátil e Provisional, tamén en perigo

Sen dar conta a ninguén e con absoluta falta de transparencia, comezouse A REDUCIR o CVP por enriba do que viña sendo habitual.

Que é CVP?

O Complemento Voluntario persoal (así é como aparece na Nómina) provén en case todos os casos de compensación por determinados traslados, cambios de función sen cambio de nivel, ou conversión doutros conceptos. Este concepto salarial está a medio camiño entre o salario sólido (o de Convenio Colectivo e Acordos sindicais) e o puramente gasoso (o AVE/DOR, conxuntural por suposto, cunha normativa cambiante, subxectivo e suxeito á catalogación).



Por que diminúe o seu importe?

Nos últimos anos, o banco optou por absorber o seu importe polo mesmo que supón o incremento pactado en Convenio, o que inclúe o cumprimento de trienios, de antigüidade e/ou de xefatura, ascensos de nivel ou calquera outro incremento regulado.

Cal é a nova forma de recortalo?

O banco comezou a reducir o seu importe *"de mutuo acordo co traballador"*. Non é broma, porque só coa firma do traballador é posible reduci-lo máis alá do habitual. Con esta acción, para que che quede claro, **estase a producir unha novación do teu contrato de traballo**.

É legal?

Si, claro, se firmas o é, sempre que non sexas coaccionado para iso. Tamén hai outra restrición legal que ten en conta se o proceso é individual ou colectivo. Para que se considere colectivo ten que superar o número de 30 persoas. Ata agora coñecemos bastantes, pero non os coñecemos todos, porque o Banco se nega a pasarnos os datos, incumprindo, ao noso entender, o Art 41 do E.T. Pódese considerar que se fixo en fraude de lei se superan as 30 persoas.

Que debo facer se asinei o recorte do meu CVP?

Os teus motivos terás, pero o primeiro é informar os teus representantes. CCOO, como primeiro sindicato en BBVA, temos a constancia do maior número destes casos. O que che pedimos é que nos informes, a través de calquera Delegada/ou, a esta mesma dirección de correo electrónico ou mesmo por teléfono (91 594 42 36, 93 634 83 99).

!afíliate!



Que podo facer se me chaman e me propoñen unha operación deste tipo?

Esta operación fancha con anestesia, é dicir, sen que te decates terás menos diñeiro no peto. Ou podes evitala se andas un pouco esperto e avisas, inmediatamente, o teu sindicato. CCOO asesorarémosche, acompañarémoste e defenderémoste do intento de reducir o teu salario.



te interesa

20 de Outubro de 2014